

GRAN PREMIO TORNEOS DE VERÁN 2023

Obra Social "la Caixa"



BALONCESTO

CONCELLO DE BAIONA

NORMATIVA

INSCRICIÓN

- Para formular a túa inscrición deberás contactar coa organización no teléfono **986 35 65 58** ou no correo electrónico: deportes@baiona.gal para concretar se existen prazas dispoñibles.
- Debes cubrir a folla de inscrición e o xustificante de pago, envíalos e entregalos no Pavillón Municipal de Baiona en horario de 8.00h. a 14.00h. e de 18.00h. a 23.00h. de Luns a Venres, ou a través do correo electrónico: deportes@baiona.gal. Dispoñible na web www.baionacodeporte.gal
- O número de prazas é limitado sendo por rigurosa orde de inscrición.
- A cuota de inscrición será de 25 € por equipo, permitindo a participación de árbitros federados na ronda clasificatoria. Agás categoría sub12 e especiais que serán de balde.
- O pago poderá formalizarse directamente no Pavillón Municipal de Deportes en metálico / con tarxeta de crédito ou mediante transferencia o nº de conta:

"La Caixa" ES95 2100 1821 6602 0018 2423

- Poderanse inscribir 16 ou 20 equipos.
 - Cada equipo deberá camporse por un mínimo de 3 xogadores e 1 reserva, e un máximo de 6.
 - Deberán darse tódolos nomes dos participantes, un teléfono de contacto e un nome para cada equipo. A inscrición é de 25€ por equipo, a excepción do torneo de categorías especiais e Sub12, que será de balde.
- Dita cantidade será destinado ao Club Baloncesto Baiona.
- O torneo será pitado por árbitros federados e todos os equipos participantes recibirán camiseta conmemorativa, así coma produtos Coca Cola.
 - Non se admitirán nomes de equipos que sexan malsoantes ou ofensivos.
 - Calquera dúbida que xurda no torneo deberá consultarse con algún membro da organización, que deberá estar acreditado.
 - A participación neste torneo supón o acatamento das presentes normas.
 - O incumprimento dalgunha das normas de organización pode supor a descalificación do equipo infractor.

INSCRICIÓN
+ INFO

PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES DE BAIONA



baionacodeporte.gal



[@deportes.baiona](https://www.facebook.com/deportes.baiona)



986 356 558



deportes@baiona.gal

GRAN PREMIO TORNEOS DE VERÁN 2023

Obra Social "la Caixa"



BALONCESTO

CONCELLO DE BAIONA

NORMATIVA

REGRAS DO TORNEO

- Formaranse catro grupos de 4 ou 5 equipos.
 - Clasificaranse para a seguinte ronda (cuartos de final) dous equipos por grupo.
 - Os cuartos, semifinais e final, celebraranse ó día seguinte á ronda de clasificación.
 - No caso de empate a puntos pasa á seguinte rolda o equipo que máis mulleres teña e que xoguen durante o desenvolvemento do torneo.
 - Tódolos partidos terán un só tempo de 20 minutos.
 - Rematará o partido cando finalice o tempo establecido ou cando un equipo chegue a 21 puntos.
 - A diferenza de puntos que debe existir para gañar debe ser o menos de 2 puntos.
 - Considerase expulsado un xogador cando cometa 6 faltas persoais.
-
- Non se pitará zona, pero será advertible polo arbitro. En caso de reiteración na mesma, o arbitro poderá estimar sinalala.
 - Non se aplica a norma de "quen meta saca".
 - As faltas sancionaranse sempre con 1 tiro libre e posesión, incluído as faltas en ataque.
 - O sacar, hai que sair ata a liña de tres, en tódolos casos.
 - Último aviso de tempo será a falta de 2 minutos do remate do encontro.
 - As demais regras de xogo serán as básicas do baloncesto.
 - A última decisión ao respecto das regras de xogo a tomará o arbitro do partido.
 - As canastas puntuarán da seguinte forma: 2 puntos as máis lonxanas da liña de 6,25 e 1 punto o resto (incluído os tiros libres).
 - En caso de empate a puntos pasará á seguinte rolda o equipo que:
 - a) Teña máis mulleres nos partidos clasificatorios, en caso de igualdade resolverase polo "basket average".
 - b) O enfrentamento directo entre eles, o equipo gañador.
 - c) En caso de empate entre máis de dous equipos a diferenza de puntos a favor e en contra.

Non haberá final de consolación.

**INSCRIPCIÓN
+ INFO**

PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES DE BAIONA



baionacodeporte.gal



@deportes.baiona



986 356 558



deportes@baiona.gal